



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

MESA CARREIRA ADMINISTRATIVA

Concursos e mobilidade

Como continuación das reunións anteriores, hoxe tivemos reunión da Comisión de Seguimento da Mesa de Carreira Administrativa para tratar diversos aspectos pendentes de desenvolver do Acordo, entre os que destacamos:

CONCURSOS

Por un lado a Administración infórmanos da intención de publicar, nas vindeiras datas, os concursos para a consolidación dos funcionarios que se atopan en adscripción provisional e a súa intención de arranxar, mediante a fórmula de cambio de adscripción, a situación dos funcionarios que quedaron en comisión de servizo tras participar nos concursos do Panel, situacións que xa deberían estar resoltas hai moito tempo.

Entendemos que outra situación moi distinta é a consolidación das comisións de servizo que non se poden xustificar con razóns obxetivas, pois cremos que se debe diferenciar entre as comisións de servizo por razóns de saúde ou circunstancias excepcionais e as dos "enchufados". Parécenos sorprendente e indignante que pretendan que demos conformidade a tal inxustiza cando hai tanta xente á espera dun concurso en condicións para poder achegarse a súa localidade de orixen. Temos coñecimento de que hai Administracións da AEAT nas que case hai máis funcionarios en comisión de servizo que coa praza en propiedade, e legalizar iso sen un concurso en igualdade de condicións para todos non é legal nin moral.

Da igual o que digamos, a AEAT sacará adiante os concursos tal e como están previstos polo que se nos facilitou os borradores das bases dos seguintes concursos: C1 (Administrativos), Axentes de Facenda Pública e A2. Respecto ao concurso do C2 (Auxiliares) haberá algunha pequena modificación respecto ao borrador que xa temos e do concurso do SVA e do CTH tamén facilitarán información en próximas reunións.

Pedimos tamén información sobre a distribución territorial das prazas que sairán a concurso, que esperamos se facilite na próxima reunión, así como concreción nos prazos para a súa publicación.

MOBILIDADE XEOGRÁFICA:

A AEAT manifestounos que aínda está a estudar o método para levar a cabo eses procedementos e está traballando sobre as propostas da parte social que fixemos nas últimas reunións. Sí quedou claro a intención de que os concursos de mobilidade sexan para moverse xeográficamente dentro da AEAT e non para utilizar eses concursos para "facer carreira". Desde a CIG pedimos o compromiso de que os postos vacantes se ofrezan aos funcionarios que xa están na AEAT previamente aos funcionarios de novo ingreso. Este tema se tratará de novo na próxima reunión.

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

MESA CARREIRA ADMINISTRATIVA Concursos e mobilidade

RECLASIFICACIÓN FUNCIONARIOS TRAMO 0:

Unha vez máis, e xa van unhas cantas, protestamos pola inxustiza que están a facer cos funcionarios de recente ingreso na AEAT pois non se sabe porqué a AEAT non da tomado a decisión de reclasificalos ao Tramo 1,e pagarlles os correspondentes atrasos.Iso sí, cos inspectores non tiveron problema ningún, xa que ao cumprir o ano de antigüidade pasáronos ao nivel 28, cun específico de máis de 30.000 euros (para eles non hai crise....).Esperamos que haxa cordura e que, na próxima reunión, esta cuestión quede aclarada dunha vez por todas.

Quedamos á espera dunha nova Mesa de Carreira Administrativa para a semana que vén onde trataremos todos estes temas, esperamos tamén que se nos convoque próximamente para informarnos sobre a marcha dos procesos de promoción interna.

Estamos abertos a que nos fagades chegar todas as vosas propostas, comentarios ou suxestións sobre estes temas para expoñelas na vindeira reunión de Carreira Administrativa.

SEGUIREMOS INFORMANDO

29/04/09

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

mariacarmen.ares@correo.aeat.es

WWW.CIGAEAT.COM